

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

XORNADA DE DEBATE ARREDOR DA HISTORIA DESTE TEATRO

Lembranza sobre as táboas do Jofre

O mítico teatro ferrolán Jofre é obxecto dunha tertulia que terá lugar este mércores 10 ás oito na Galería Sargadelos de Ferrol: *O Teatro Jofre e os seus protagonistas*, na que participarán algúns dos artistas que pisaron as súas táboas: a actriz Luma Gómez, presidenta da Asociación de Amigos do Jofre, o director, actor e dramaturgo Lino Braxe, a bailarina Matilde Pedreira, que nestes momentos está de xira co Centro Coreográfico Galego e *Vacuo*, e o contrabaixista ferrolán Baldo Martínez.

- 15:31 08/01/2007

O teatro Jofre é un dos máis espectaculares do país. Logo dunha rehabilitación de sete anos, en decembro do ano pasado foron abertas as súas portas de novo. Os primeiros planos para a edificación datan de 1862, pero foi no 1871 cando fixeron os definitivos, seguindo a estética dos teatros italianos do século XVIII. Coa axuda do mecenas indiano Joaquín Jofre y Maristany, o edificio foi inaugurado no 1892.

Para falar sobre el, gozaremos da presenza de Baldo Martínez. Entre os seus proxectos, vén de realizar unha xira por Alemaña, (a trienal de Colonia, European Jazz made in....de Munich), onde presentou o Proxecto Miño, un dos máis atrevidos e innovadores que dirixe. É membro fundador de bandas como Clunia ou Zyklus, e pronto o poderemos ver co seu quinteto no festival de jazz na [Coruña](#).

Tamén contaremos coa ferrolá Mabel Ribera, que comezou no teatro amador nos 70, e entrou despois no CDG, con obras como *As alegres casadas*, de Shakespeare, *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, ou *Agasallo de sombras*, de Roberto Vidal Bolaño. Ademais é tradutora e axudante de dirección, ten traballado en publicidade e dobraxe. Coñecémola como a Balbina Santos de *Pratos Combinados*, pero tamén puidemos vela na gran pantalla en filmes como *Mar Adentro*.

Dende o eido da danza achegaranos a súa perspectiva Matilde Pedreira, membro de Druída Danza e seleccionada para o espectáculo [Vacuo](#) do Centro Coreográfico Galego do [IGAEM](#).

Escoitaremos tamén a voz do mugarlés Lino Braxe, dramaturgo, xornalista, poeta, actor e director de escena, con ampla traxectoria na escena e na literatura galegas, Ten traballado co Centro Dramático Galego e para outras compañías de Teatro do país como Escola Dramática Galega, Luis Seoane, Malbarate, lagarta, lagarta, Ancora Producións... Unha traxectoria de trinta espectáculos e cinco candidaturas aos María Casares dan fe do seu bo facer.

Por último, estará presente a presidenta da Asociación de Amig@s do Teatro Jofre, a ferrolá Luma Gómez. Traballou en diversas compañías teatrais, así como en múltiples montaxes do Centro Dramático Galego en papeis protagonistas. Foi tamén actriz televisiva e cinematográfica, e agora está de xira con Teatro do Noroeste e o musical *Imperial, café cantante*.